

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Festas e mitoloxía relixiosa

### *A Virxe de Piño*

A igrexa de Piño, en A Pobra do Brollón (Lugo), primeiro estivo en Outeiro, e logo fíxose en Castro porque apareceu a imaxe da Virxe tras dun espiño e interpretouse que ese era o lugar onde quería estar.

Logo volveuse a aparecer, no mesmo lugar onde está hoxe a igrexa, e alí quedou, malia que se volveuse a aparecer algunha vez máis noutros lugares de arredor.

Hai quen opina que por aparecerse a Virxe tras dun "espiño", a parroquia debera levar o nome de santa María do Espiño.